



## XUNTA DE GALICIA

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN DE CANS DE SALVAMENTO DE GALICIA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

#### REUNIDOS

Dunha parte D. Alfonso Rueda Valenzuela, que actúa en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, que regula a Xunta e a súa presidencia, e o artigo 2 da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra D. Alejandro Barreiro Fernández, presidente da asociación "Cans de Salvamento de Galicia", en nome e representación desta, e en virtude das atribucións que lle confiren os estatutos da asociación (nº 770/02 do Rexistro Central da Dirección Xeral de Interior).

#### EXPOÑEN

Que o Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establecen que esta vicepresidencia e consellería, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

Que o artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Que conforme ao establecido nos artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Que entre os fins da asociación de Cans de Salvamento de Galicia (CASAGA) está a participación nas tarefas na busca e rescate de persoas desaparecidas ou en perigo, nas que os cans xogan un papel preponderante, formando equipos ou colaborando cos equipos existentes.





## XUNTA DE GALICIA

Que o Servizo de Protección Civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles que teñen un carácter específico e especializado.

Que entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración con CASAGA, coa intervención dos seus equipos caninos, na busca, localización e rescate de persoas desaparecidas ou en perigo.

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva na zona norte da provincia da Coruña e Lugo por CASAGA, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, na administración pública galega.

Por isto ámbalas dúas partes,

### ACORDAN

#### Primeiro.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Asociación Cans de Salvamento de Galicia (CASAGA), para colaborar no financiamento das intervencións de esta no apoio das actuacións de órganos e autoridades competentes en materia de protección civil e emerxencias, na busca e rescate de persoas desaparecidas tanto no ámbito da zona norte da provincia de A Coruña e na provincia de Lugo coma, se fora necesario, noutros espazos xeográficos da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Segundo. Solicitud de colaboración

Sen prexuízo das prestacións que CASAGA, con carácter xeral, pode vir obrigada a realizar pola lexislación sobre protección civil, prestará apoio á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior cando lle sexa requirida a través da Central de Atención de Emerxencias 112-Galicia, participando cos cans adestrados e os seus guías nas situacións que lle son propias, colaborando en accións de busca e rescate de persoas





## XUNTA DE GALICIA

e axustándose ás directrices ditadas pola dirección xeral, que será, en todo momento asesorada polo responsable técnico de CASAGA.

### **Terceiro. Responsable de asesoramento**

CASAGA designará o membro da asociación, que será o responsable de aportar a súa cooperación e asesoramento á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior en todos aqueles problemas operacionais de busca e rescate con cans adestrados nos que a súa competencia técnica sexa necesaria.

### **Cuarto. Estrutura e organización**

CASAGA facilitará á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior información detallada e oportunamente actualizada da estrutura e medios dos que dispón: número e formación dos adestradores, número de cans operativos, número de cans en formación, as súas peculiares características, métodos de posta en acción, ámbito de actuación, sistemas de alerta e calquera outro dato que permita a urxente mobilización dos mesmos no caso de emerxencia.

### **Quinto. Seguros**

CASAGA, deberá contar cun seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra as actividades realizadas, incluíndo a cada un dos cans que formen parte dos equipos de salvamento.

### **Sexto. Libramentos de fondos**

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reílectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.640.00 e código de proxecto 2015 00122 dos orzamentos do ano 2017, por un importe de nove mil euros (9.000€).

Os cargos comprenderán:

- Gastos derivados da asistencia a cursos, reunións e probas que estean relacionadas coas actividades desenvolvidas polo grupo para a súa formación e preparación.
- Manutención, desprazamento e aloxamento dos equipos (cans e guías) de CASAGA.





## XUNTA DE GALICIA

- Pagamento de seguros dos cans e guías que pertencen aos equipos de rescate e salvamento de CASAGA, así como gastos de atención veterinaria: vacinas, medicamentos, desparasitación e outros.
- Actividades de adestramento, formación e divulgación que os membros da asociación realicen dirixidas a outros grupos ou á poboación en xeral.
- Gastos de vestimenta e material funxible necesario para as intervencións.

Para percibir a cantidade que achega a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, CASAGA presentará os seguintes documentos:

- A conta xustificativa dos gastos totais realizados e a documentación acreditativa do seu pago (nóminas facturas, etc), tendo en conta que a cantidade máxima que se obriga a aportar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza será de nove mil euros (9.000 €), que se reducirá na mesma proporción á cantidade xustificada respecto do orzamento total (anexo I).
- Facturas e xustificantes de pagamento correspondentes aos gastos totais realizados. Consideraranse xustificante de pagamento válido unicamente os extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo presidente da asociación.
- Para aquelas compras realizadas en metálico, de ata 1000 euros por factura, será suficiente a factura orixinal ou compulsada polas oficinas de rexistro en que figure "pagado" xunto coa sinatura e o número de NIF da persoa encargada da empresa subministradora.
- Documentos de liquidación de gastos de mantemento, desprazamento e loxística, polo cumprimento das actividades do convenio, na que figure tanto a conformidade do presidente da asociación como o "recibín" do perceptor desta compensación.

No caso de non presentarse as facturas suficientes no prazo establecidos ou ben non ser correctas na súa totalidade, verase reducida na mesma proporción que a cantidade xustificada respecto do orzamento total.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte de CASAGA, das obrigas contidas neste convenio.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2017.

### Sétimo. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así





## XUNTA DE GALICIA

mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

### Oitavo. Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta que se reunirá polo menos unha vez ao ano, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar, e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

Un subdirector xeral da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e un técnico dependente da mesma.

Por CASAGA:

O Presidente e o secretario da asociación.

### Noveno. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- c) Pola non presentación das facturas correctas antes da data estipulada para o termo da súa vixencia

De se resolver o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá, de ser o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas.

### Décimo. Lexislación aplicable

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, polo vicepresidente e conselleiro





## XUNTA DE GALICIA

de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo así fin á vía administrativa.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo, dando lugar á súa resolución e, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes si fora o caso.

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo e ó disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, de maneira supletoria terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

### Décimo primeiro. Vixencia

A data de efectos do presente convenio será dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio por duplicado.  
Santiago de Compostela a 19 de abril de 2017

Pola XUNTA DE GALICIA  
O vicepresidente e conselleiro de  
Presidencia, Administracións Públicas e  
Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

Por CASAGA  
O presidente

Alejandro Barreiro Fernández



XUNTA DE GALICIA

## ANEXO I

### ORZAMENTO GLOBAL ESTIMADO DE PREVISIÓN DE GASTOS

#### ASOCIACIÓN DE CANS DE SALVAMENTO DE GALICIA

|                                                                    |               |
|--------------------------------------------------------------------|---------------|
| Asistencia a actividades de formación, adestramento e divulgación: | 1.300€        |
| Manutención, desprazamentos aloxamento de equipos caninos:         | 2.500€        |
| Seguros, gastos de atención veterinaria:                           | 2.500€        |
| Gastos de vestimenta e material funxible:                          | 1.000€        |
| Apartado de imprevistos.                                           | 1.700€        |
| <b>Total:</b>                                                      | <b>9.000€</b> |

